

## POXA PÚBLICA, PARCELA 785-B DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE VILANOVA-MERÍN

### PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

#### CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e calificación

Constitúe o obxecto do contrato a enaxenación por este concello mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, un único criterio de adxudicación ao prezo máis alto (poxa pública), do ben inmueble: parcela 785-B resultante da parcelación da finca 785 da concentración parcelaria de Vilanova-Merín, de propiedade municipal cuxas características, lindeiros, aproveitamentos e servidumes se detallan no Anexo I deste Prego.

O contrato definido ten a calificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 4.1.p) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. (en diante Lei 30/2007, do 30 de outubro)

#### CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

O forma de adxudicación será o procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 141 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

Para a valoración das proposición e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a un só criterio de adxudicación, que de conformidade co artigo 134,1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, deberá ser necesariamente o de mellor prezo.

#### CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com).

#### CLÁUSULA CUARTA. Tipo de licitación

O tipo de licitación á alza é de TRECE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (#13.455,96#).

#### CLÁUSULA QUINTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, no estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica

1. La **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **personas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios no españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa

lexislación do Estado donde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demáis empresarios extranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia de algunha das prohibicións de contratar do artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderá realizarse:

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o mencionado documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada diante dunha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade esté prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada diante dunha autoridade xudicial.

#### **CLÁUSULA SÉXTA. Presentación de Licitaciones**

As ofertas presentaranse no concello de Vedra, Avda. M. M. Gómez, 1 (15885-Vedra) en horario de atención ao público, dentro do prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* e no Perfil do Contratante .

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia extendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se teña recibido a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional decimonovena da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición [*sen prexuízo do establecido nos artigos 131 e 132 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público*]. Tampouco poderá suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por él suscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das

cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, firmados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar a enaxenación do ben inmovil \_\_\_\_\_». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Proposición Económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíanse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

#### **SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

**a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.**

**b) Documentos que acrediten a representación.**

- Os que comparezn ou firmen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo secretario da corporación.
- Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.
- Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testimonio notarial do seu documento nacional de identidade.

**c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.**

Esta declaración incluírá a manifestación de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar ésta.

**d) As empresas extranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional extranxeiro que poidera corresponder ao licitador.**

#### **SOBRE «B» PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

- **Proposición económica.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, enterado do expediente para o alleamento do ben inmovil de \_\_\_\_\_ por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa,

único criterio de adjudicación ao mellor prezo, anunciado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. \_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_, e no perfil do contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e aceptoo íntegramente, tomando parte da licitación e comprometiéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura do licitador,

Asdo.: \_\_\_\_\_».

#### **CLÁUSULA SÉTIMA. Mesa de Contratación**

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará coma Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, **alomenos catro vogais**, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así coma aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou personal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos da mesma.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- Don Odón C. Cobas García, Alcalde-Presidente, que actuará coma Presidente da Mesa.
- Don Carlos J. Méndez-Losada Abalo, Vogal (Secretario-Interventor da Corporación).
- Don Carlos J. Sanmartín Carrera, Vogal, Técnico de Xestión Económica.
- Don Carlos Martínez Carrillo, Vogal.
- Dona Mercedes Pereiras Caldelas, que actuará coma Secretaria da Mesa.

#### **CLÁUSULA OITAVA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, obtema as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que presente o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

#### **CLÁUSULA NOVENA. Apertura de proposicións e clasificación das ofertas**

A Mesa de Contratación constituirase o terceiro día hábil trala finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12 horas. Calificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

E posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre «B».

O órgano de contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas aou anormais. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis alto.

#### **CLÁUSULA DÉCIMA. Requerimento de documentación xustificativa**

O órgano de contratación requerirá ao licitador que presentase a oferta máis economicamente vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibise o requerimento, presente documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituído a garantía definitiva.

De non cumplimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedendo neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde no que se quedasen clasificadas as ofertas.

#### **CLÁUSULA UNDÉCIMA. Garantía definitiva**

Os que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas deberán constituir unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalguna das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeción, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Geral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes diante das que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se teña producido o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Adxudicación do contrato**

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que

sexa admisible de acordo cos criterios que figuen no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Dereitos e obrigas do contratista**

Os dereitos e obrigas do adxudicatario son os que nacen deste prego, que terán carácter contratual, e do contrato firmado entre as partes, así coma os derivados da lexislación aplicable.

O concello resérvase o dereito de establecer os contratos da execución do contrato que estime oportunos.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Pago**

O pago realizarase previa o simultaneamente á firma do contrato, mediante transferencia bancaria á conta que se indicará ou ben mediante cheque bancario.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Formalización do contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos 15 días hábiles a contar dende a data na que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 135,4 da Lei 30/2207, do 30 de outubro.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico do contrato**

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexirase polo establecido neste prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007 e esté vixente trala entrada en vigor do Real decreto 817/2009; e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción regírase polas Normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolvelas controversias que xurdan entre as partes en relación coos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

Vedra, 3 de febreiro de 2011  
O ALCALDE,

Odón C. Cobas García

## **ANEXO I. Descripción do ben Obxecto de alleamento**

**Situación:** A Igrexa (San Cristovo de Merín).

**Lindeiros:** Norte, con camiño que a separa de Masa Común (784); Sur, con construción e parcela 511 da concentración parcelaria de labradío de Vilanova-Merín; Leste, con construción e parcela 511 da concentración parcelaria de labradío de Vilanova-Merín; Oeste, con finca matriz resultante da segregación (785-A).

**Superficie aproximada:** 772 m<sup>2</sup>.

**Cargas e gravames:** Rexistralmente non constan, se ben na realidade obsérvase sobre da mesma unha edificación máis parte doutra.

**Valoración técnica:** 17,43 euros/m<sup>2</sup>.